

Actividades para todos os gustos

O Concello de Oroso preséntache o programa de actividades da Semana Cultural 2015, que terá lugar entre o 24 agosto e o 4 de setembro. Inclúe unha vintena de actividades totalmente de balde: xogos, maxia, obradoiros, inchables, teatro, monicreques, festa da escuma, contacontos, excursións, actuacións musicais... Máis información e inscricións no centro cultural. Anímate e participa:

Luns 24 de agosto. EXCURSIÓN AO AQUAPARK (Cerceda). A partir de 8 anos e empadroados/as en Oroso. Inscricións do 10 ao 20 de agosto. Prazas limitadas.

Martes 25 de agosto. VISITA AO PLANETA MÓBIL (12:00 h) no centro cultural, dirixida a nenos e nenas entre 3 e 12 anos. Cúpula inchable na que se proxectan vídeos a cúpula completa, o que provoca unha sensación de inmersión total. Inscricións no centro cultural ata o mesmo día da proxección. ESPECTÁCULO CÓMICO DE CIRCO E MAXIA PISTACATRO "Les artuans" (19:30 h) no exterior da piscina municipal (se chove, no centro cultural).

Mércores 26 de agosto. VISITA AO PLANETA MÓBIL (12:00 h). MONICREQUES da compañía Fantoche Baj co espectáculo "Rei, rei?" (19:30 h) no exterior da piscina.

Xoves 27 de agosto. INCHABLES NA PISCINA MUNICIPAL (de 11 a 13:00 h e de 16 a 19:00 h). Ás 19:15 h. FESTA DA ESPUMA. Maiores de 4 anos, a entrada á piscina nesta xornada será gratuíta.



Venres 28 de agosto. OBRA-DOIRO ELABORACIÓN DUN CÓMIC EN GALEGO (11:30 h) no centro cultural. De 6 a 10 anos. Inscrición previa do 13 ao 26 de agosto. Pola tarde, no exterior da piscina municipal: de 17:00 a 19:00 h. XOGOS POPULARES, MASCOTA E OBRADOIRO DE CHAPAS E HAPPY MAIS (traballo manual en 3D); e ás 19:30 h. MONICREQUES de Duende Sico co espectáculo "As tolas aventuras de Alicia no país das marabillas". Ás 22:00 h actuacións musicais no Paseo do Carboeiro de Orquesta Pacífico, Asociación Cultural Amigos do Acordeón de Sigüeiro-Oroso e Grupo Alborada.

Domingo 30 de agosto. TORNEO DE FÚTBOL DO CONCELLO DE OROSO (17:30 h). No campo de fútbol municipal "Lino Balado". Sigüeiro FC, SD Deixebre, Sigüeiro B e ED Xuventude Oroso.

Luns 31 de agosto. ESPAZO DE XOGO LIBRE (de 11:00 a 13:00 h)

xogo con kapla, espazo de lectura, espazo de cociñas, casa dos monicreques, creación de arquitecturas e xogos para nenos/as máis pequenos (dende o gateo). Na Praza de Isaac Díaz Pardo (se chove no centro cultural). Ás 19:30 h MAXIA CÓMICA a cargo da compañía Mundo Mandarina co espectáculo "Laboratorio máxico" no exterior da piscina.

Martes 1 de setembro. CURSO DE INICIACIÓN Á ASTRONOMÍA (de 12 a 13:00 h) no centro cultural. A partir de 10 anos e adultos. Inscrición previa do 20 ao 31 de agosto. Ás 19:30 h TEATRO FAMILIAR GHAFELHOS "As mil e unha noites" no exterior da piscina municipal.

Mércores 2 de setembro. CURSO DE INICIACIÓN Á ASTRONOMÍA (de 12 a 13:00 h) no centro cultural. Ás 19:30 h ESPECTÁCULO DE AÉREOS CIRCO EXPRESO "Un tonto no aire" no exterior da piscina.

Xoves 3 de setembro. CURSO DE INICIACIÓN Á ASTRONOMÍA (de 12 a 13:00 h) no centro cultural. De 17 a 21:00 h O GRANDE ESPECTÁCULO DAS ILUSIÓNS ÓPTICAS NA RÚA "O fabuloso Mundo do Mago Romarís" no exterior da piscina municipal (se chove, no centro cultural). Ás 22:00 h OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA no exterior da piscina municipal.

Venres 4 de setembro. XINCANA (de 11 a 13:00 h) no exterior da piscina. A partir de 6 anos. Inscrición previa do 22 de agosto ao 2 de setembro. Ás 20:00 h ACTUACIÓN DA AULA DE MÚSICA no exterior da piscina.



Oroso inviste máis de 147.000 euros en melloras en pistas e saneamento

O Concello de Oroso está a investir máis de 147.000 euros en obras. Así, o Concello destina 117.000 euros á mellora da rede viaria en Burgao-Piñeiro, Castro-A Costa e A Costa (Trasmonte), A Pena, Alto de Vilanova-Vilacide de Arriba, Vilacide de Abaixo e O Cruceiro (Oroso). Finalmente, achega 30.000 euros para a primeira fase do saneamento en O Barreiro (Sigüeiro).

Ademais, o Concello está a invistir 39.000 euros nas obras de reforzo da estrutura da casa consistorial. O alcalde Manuel Mirás lamenta as molestias que estes traballos poidan causar entre a veciñanza, pero lembra que “a Casa do Concello foi construída hai anos e ten deficiencias construtivas que queremos solucionar porque poderían ser perigosas de non actuar”.



Convenio de colaboración con Figueira da Foz, Góis e AAAGP para promoción da cultura

O Concello de Oroso vén de asinar un protocolo de colaboración cos municipios portugueses de Figueira da Foz e Góis, así como coa Asociación da Amizade e das Artes Galego Portuguesa (AAAGP) para promover a cultura e afondar no coñecemento das culturas a ambos lados do río Miño. A proposta de actuación para o 2016 inclúe 5 proxectos: 2 relacionados coa literatura, outros 2 coa escultura e a creación dun premio anual de arte.



O XIII Torneo de Fútbol terá lugar o domingo 30 de agosto



A decimoterceira edición do Torneo de Fútbol Concello de Oroso terá lugar no campo municipal Lino Balado de Sigüeiro na tarde do domingo 30 de agosto. Tomarán parte o Sigüeiro A, o Sigüeiro B, a SD Deixebre e a ED Xuventude Oroso.



A primeira semifinal disputarase ás 18:00 horas, mentres que a segunda comezará unha hora despois. A gran final terá lugar ás 20:00 horas.

Summer Camp
CAMPAMENTO VERÁN 2015
CONCELLO DE OROSO

Para nenos de 3 a 12 anos

Actividades lúdicas, xogos, manualidades, saídas urbanas

In English

Motivación, liderazgo, técnicas de comunicación...

Possibilidade doutros honorarios: Servizo almuerzo, bebida e merenda. Posibilidade días extra.

22 a 30 Xullo	30€
Xullo / Agosto	40€
1 a 9 Setembro	50€

NECESARIA INSCRIPCIÓN PREVIA:
Centro Cultural Fernando Casas a Novoa 981080903

Passos Carboeiro, 9 Sigüeiro - Oroso
981081905 - 981080544 - 609956427

escuela CONTRALIENTO

XIII TORNEO DE FÚTBOL
CONCELLO DE OROSO
30 DE AGOSTO DE 2015

CUADRANGULAR
SIGÜEIRO A
SIGÜEIRO B
SD DEIXEBRE
ED XUVENTUDE OROSO

18:00 1ª SEMIFINAL
19:00 2ª SEMIFINAL
AS 20:00 FINAL

CAMPO DE FÚTBOL
MUNICIPAL LINO BALADO
SIGÜEIRO

CONCELLERÍA DE DEPORTES
OROSO

"BOS DÍAS COLE"
CURSO 2015/2016

- NDS C.E.I.P. DE SIGÜEIRO E OROSO
- DE 07:30 ATÁ O COMEZO DA XORNADA LECTIVA
- DIRIXIDO A RAPADES/AZAS DE 3 A 12 ANOS
- PRAZO DE RENOVACIÓN DE MATRÍCULA: DO 15 DE XUÑO A MATRÍCULAS NOVAS DO 16 DE XUÑO EN ADIANTE ATÁ COBRIR PRAZAS
- SERVIZO DE GARDERÍA E ALMOZZO
- MÁIS INFORMACIÓN NAS OFIDINAS DO CENTRO CULTURAL FERNANDO CASAS E NOVA DA NO 981 630 308 OIA NA PÁXINA WEB: www.sewelloroso.com

ORGANIZA: CONSELLERÍA DE OCHOA
COLABORA: DEPUTACIÓN



Os beneficiarios do comedor no CEIP de Oroso medrarán un 50%

O alcalde de Oroso, Manuel Mirás, vén de asinar un convenio de colaboración co conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, para elevar de 49 a 75 o número de beneficiarios do comedor no CEIP de Oroso durante o curso 2015-2016. Un acordo que incrementará en máis de 5.000 euros o financiamento do comedor escolar ata algo máis de 48.000 euros. Ademais, o Concello comprometeuse a proceder á contratación da elaboración e servizo dos menús escolares, así como o coidado dos pequenos durante as comidas.



O alcalde Manuel Mirás asina o convenio co conselleiro Román Rodríguez



Rapaces e rapazas coas obras que exorarán na mostra

Os nenos/as do Summer Camp expoñen en "Arte no Carboeiro"



Os 46 nenos e nenas do Summer Camp de Oroso fixeron saídas para pintar no Parque do Carboeiro. Unhas obras coas que o Concello de Oroso organizará unha exposición no Centro Cultural de Sigüeiro, que poderá ser visitada por todos os veciños e veciñas que o desexen. "Arte no Carboeiro" será inaugurada o martes 4 de agosto, ás 11:30 horas, polos concelleiros de Ensino, Beatriz Rodeiro; e Cultura, Luís Rey.



Os accesos á gardería da Chousa Nova estarán listos nuns días

O Concello de Oroso está a rematar as obras de urbanización do vial de acceso á escola infantil da Chousa Nova dende a estrada provincial CP-3801, nas que está a investir máis de 106.000 euros. "Deste xeito, a nova gardería terá uns amplos accesos dende a Avenida da Grabanxa, cunha beirarrúa e unha ampla zona de aparcadoiro", explica o concelleiro de Obras, Eduardo Veiras, quen agarda que as obras "poidan estar rematadas a principios de agosto". A nova escola infantil ten tres unidades, cun total de 41 prazas de 0 a 3 anos e complementa á gardería da Ulloa.



Axenda: Agosto

2 Inicio do Campamento Xuvenil en Ribadeo

4 Inauguración exposición "Arte no Carboeiro". Ás 11:30 h. Centro cultural.

24 Excursión ao Aquapark de Cerceda (inscricións do 10 ao 20 de agosto)

25 - Visita ao Planeta Móbil (12h)
- Pistacatro: "Les artuans" (19:30 h)

26 - Visita ao Planeta Móbil (12h)
- Monicreques. Fantoques Baj, "Rei, rei?" (19:30 h)

27 - Inchables na piscina (de 11 a 13 e de 16 a 19:00 h)
- Festa da espuma (19:15 h)

28 - Obradoiro elaboración dun cómic en galego (11:30 h)
- Xogos populares, mascota e obradoiro de chapas e traballos manuais en 3D (17:00 h)
- Monicreques. Duende Sico, "As tolas aventuras de Alicia no país das Marabillas" (19:30 h)
- Actuacións musicais (22:00 h). Orquestra Pacífico, Amigos do Acordeón e Grupo Alborada.

30 Torneo de fútbol do Concello de Oroso (17:30 h)

31 - Xogo Libre (11:00 h)
- Maxia cómica. Mundo Mandarina con "Laboratorio máxico" (19:30 h)

e en setembro...

1 - Iniciación á astronomía (12:00)
- Teatro Ghazafellos, "As mil e unha noites" (19:30 h)

2 - Iniciación á astronomía (12:00)
- Circo Expreso, "Un tonto no aire" (19:30 h)

3 - Iniciación á astronomía (12:00)
- O fabuloso mundo do Mago Romarís (19:00 h)
- Observación astronómica (22h)

4 - Xincana (11:00)
- Actuación da Aula de Música no exterior da piscina (20:00 h)

e GoisOrosoArtes e nova tempada de actividades!





Foi noticia...



Rancho Folclórico Sachadeiras da Várzea, grupo convidado desta edición

O Paseo do Carboeiro, consolídase

Centos de veciños/as disfrutaron dunha agradable tarde de música no III Festival Folclórico Paseo do Carboeiro. Os primeiros en pasar polo escenario foron Buxos Verdes, ausentes na pasada edición por motivos de axenda. Seguíronos Néboas no Cumio, o Rancho Folclórico Sachadeiras da Várzea, as Pandereteiras de Marantes, Lembranzas do Tambre e Amigos do Acordeón Sigüeiro-Oroso, que debutaban neste festival. A festa prolongouse ata ben entrada a noite.



Petre Abraham Smeu, veciño de Gándara e bolseiro da escola de Altos Estudos Musicais de Santiago, conseguiu o segundo premio no XVI Concurso Internacional de Violín Cidade do Fundao Portugal 2015.



O medio cento de rapaces que participaron este mes de xullo no Campus de Fútbol da Fundación Celta de Vigo en Oroso visitaron o estadio de Balaídos e os campos de adestramento da Madroa.



A Policía Local conta cun novo coche patrulla, que foi recollido polo alcalde Manuel Mirás e polo xefe de Policía Local, Jesús Martínez. Ten mellores sistemas de seguridade e menos custos por mantemento.



Sentida homenaxe á Lira de Senra

Preto de 350 persoas encheron o campo da festa de Senra para homenaxear á Banda "Lira" de Senra, unha formación fundada en 1900 por Constante Rey e que se desfixo no ano 1970. Unha sentida homenaxe organizada pola Asociación de Veciños de Senra e a Coral Polifónica Santa Eulalia, que contaron coa colaboración do Concello de Oroso, da Deputación da Coruña, de Buxos Verde e das bandas de música de Ordes e Arca, que actuaron conxuntamente.



Integrantes da Lira de Senra co alcalde e membros da corporación municipal